



# CONCELLO DE ARANGA

## ACTA Nº 2019/13

### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 28 DE AGOSTO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 13:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

ALBERTO PLATAS ALVAREZ

**ASISTEN:**

PP  
AMPARO RIVAS PENA  
DIEGO VAZQUEZ GARCIA  
EVA MARIA SANCHEZ BRAÑAS  
PSOE  
CARLOS PLATAS ROCHA  
MANUEL SANCHEZ CARRO  
RUBEN GARCIA VIDAL

**AUSENCIAS:**

PP  
JOSÉ MIGUEL IGLESIAS ARES  
PSOE  
SANDRA PENA BARBEITO

**SECRETARIA:**

ANA MARIA OCAMPO PEREZ GOROSTIAGA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

#### 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Alcalde, Alberto Platas Álvarez, pregunta se algún membro do pleno municipal quere formular algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior que foi previamente distribuído coa convocatoria. Non formulándose observacións queda aprobada a acta da sesión plenaria

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

constitutiva do 7 de agosto de 2019 , por unanimidade dos membros do pleno presentes na sesión.

## 2.- DECRETOS, BANDOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos Decretos, Bandos e resolucións da alcaldía ditados dende a convocatoria da última sesión ordinaria, concretamente os comprendidos entre os números 2019/224 ao 2019/346, ambos incluídos .

Todos os membros do pleno quedan enterados do contido dos decretos, sen formular ningunha observación.

## 3.- DACIÓN EN CONTA DOS INTEGRANTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Dáse conta dos escritos presentados polos grupos políticos que integran a corporación, relativos aos integrantes das diferentes comisión informativas municipais, do que resulta:

### COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E PERMANENTE DE ECONOMÍA E FACENDA:

Cargo	Nome e apelidos
Presidente	Alberto Platas Álvarez
Vogal Titular (PP)	Amparo Rivas Pena
Vogal Titular (PP)	Diego Vázquez García
Vogal Titular (PSOE)	Sandra Pena Barbeito
Vogal Titular (PSOE)	Rubén García Vidal
Vogal Suplente(PP)	Eva María Sánchez Brañas
Vogal Suplente (PP)	Jose Miguel Iglesias Ares

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

Vogal Suplente (PSOE)	Carlos Platas Rocha
Vogal Suplente (PSOE)	Manuel Sánchez Carro

## COMISIÓN INFORMATIVA MUNICIPAL DE URBANISMO:

Cargo	Nome e apelidos
Presidente	Alberto Platas Álvarez
Vogal Titular (PP)	Amparo Rivas Pena
Vogal Titular (PP)	Diego Vázquez García
Vogal Titular (PSOE)	Sandra Pena Barbeito
Vogal Titular (PSOE)	Carlos Platas Rocha
Vogal Suplente(PP)	Jose Miguel Iglesias Ares
Vogal Suplente (PP)	Eva María Sánchez Brañas
Vogal Suplente (PSOE)	Rubén García Vidal
Vogal Suplente (PSOE)	Manuel Sánchez Carro

## COMISIÓN INFORMATIVA MUNICIPAL DE SUBVENCIONES:

Cargo	Nome e apelidos
Presidente	Alberto Platas Álvarez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

Vogal Titular (PP)	Amparo Rivas Pena
Vogal Titular (PSOE)	Manuel Sánchez Carro
Vogal Suplente(PP)	Diego Vázquez García
Vogal Suplente (PSOE)	Sandra Pena Barbeito

Os membros do pleno quedan enterados da integración das comisións informativas.

#### **4.-DACIÓN EN CONTA DA REMISIÓN DOS INFORMES CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2019.**

Dáse conta aos membros do pleno municipal, da remisión, en prazo, á Subdirección Xeral de Financiación Autonómica e Local, do informe relativo ao Período Medio de Pago do segundo trimestre de 2019 con un período medio de pago trimestral de 2,93 días .

Igualmente dáse conta da remisión do informe relativo a execución do segundo trimestre do 2019 .Os membros do pleno municipal quedan enterados do contido da información, sen formular ningunha observación.

#### **5.-DACIÓN EN CONTA DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2019:BRIGADA MEDIOAMBIENTAL.**

De seguido informase aos membros do pleno asistentes á sesión de que, no mes de xaneiro do presente ano, solicitouse unha suvención para a creación e posta en marcha dunha brigada medioambiental 2019, ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2018 do Fondo de Compensación Ambiental 2019 en concorrencia competitiva, aprobando un convenio administrativo de colaboración entre os concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior,

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

No mes de maio de 2019 notificouse a resolución de concesión da subvención para a realización do dito proxecto, do que resultaba un importe subvencionado inferior ao solicitado o que determinou que o concello de Irixoa manifestase a súa vontade de renunciar á mesma .

Esto determinou a necesidade de replantear o convenio de colaboración e a solicitude de subvención mediante Resolución do 01/ 07/2019, de cuxo contido se da conta ao pleno. Isto determinou a notificación dunha nova resolución de concesión da subvención, que financia ao cincuenta por cento o proxecto de posta en marcha da brigada medioambiental nos concellos de Aranga, Monfero e Vilarmaior.

Os membros do pleno quedan enterados do contido da resolución, sen formular ningunha observación.

## **6.- DACIÓN EN CONTA DA ORDE DE EXECUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 000009/2010.**

Dáse conta da Sentenza do 26/02/2019 ditada no recurso de apelación 4188/2018 interposto por Jose Luis Vázquez Rodríguez e Delia Rodríguez Prieto, da sección segunda da sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza ordenando ao concello , previa comunicación aos executantes, a realizar o amoxonamento nos termos indicados no informe pericial do 11 de xullo de 2012, no prazo que estableza o xulgado.

O Xulgado do contencioso administrativo n.º 4 da Coruña, dita Auto con data 28 de xuño de 2019 ordeando que se leve a puro e debido efecto a sentenza , adoptande as resolucións procedentes e comunicando no prazo de dez días o órgano competente para executalo .O expediente está iniciado.

O pleno municipal queda enterado do contido deste auto, sen formular observacións.

## **7.- ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE CARRETERA DE**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

## **CARBALLAL A PONTE ARANGA"INCLUÍDA NO PLAN ADICIONAL AO POS 2019.**

Dáse lectura da seguinte proposta:

“MODIFICACION DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE CARRETERA DE CARBALLAL A PONTE-ARANGA”.-

Dáse conta do requerimento efectuado pola Deputación Provincial da Coruña, en relación coa necesidade de modificar o proxecto técnico da obra “Pavimentación de carretera de Carballal a Ponte-Aranga” incluída no Plan Adicional ao POS+ 2019.

O requerimento refírese a aspectos técnicos do proxecto, do que se dou traslado ao Técnico redactor a efectos de levar a cabo as correccións oportunas.

Redactada a modificación, non se modifica o importe do proxecto nin as medicións das obras .

A tal efecto propónse a aprobación do modificado do proxecto técnico da obra “Pavimentación de carretera de Carballal a Ponte Aranga” , coas correccións sinaladas no requerimento efectuado pola Deputación Provincial, cun importe total incluídos todos os conceptos , de 258.896,83 €.Aranga, 16 de agosto de 2019.O alclde.”

Sometida a votación queda aprobada esta proposta por unanimidade dos sete membros presentes na sesión.

## **8.-PROPOSTA DE ACORDO DE DÍAS FESTIVOS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2020.**

De seguido se da lectura á seguinte proposta:

“Dáse conta do escrito remitido con data de 17 de xullo de 2019 relativo a determinación do calendario laboral para o ano 2020 na Comunidade Autónoma de Galicia, que fixa os días das festas laborais.

De conformidade co establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o artigo 46 do Real Decreto 2001/1983 de 28 de xullo, corresponde ao pleno municipal a

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

proposta das datas concretas dos dous días de festa local, con carácter retribuído e non recuperable, neste termo municipal para o vindeiro ano 2020.

Polo exposto, e trala consulta efectuada ao persoal do concello, o equipo do goberno propón ao pleno municipal que acorde propoñer, como días festivos de carácter local para o ano 2020

- O día 25 de febreiro: **martes de entroido**.

- O día 10 de agosto: **Festa de San Lourenzo**

Aranga, 16 de agosto de 2019. O Alcalde”.

Sometida a votación, queda aprobada a proposta da alcaldía, por unanimidade de todos os membros presentes.

## **9.-ACORDO DE ADHESIÓN AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.**

Dáse lectura a seguinte proposta:

“De conformidade co proxecto do Departamento de Cultura, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade deste concello de Aranga da posta en marcha do programa “Xantar na Casa”.

A tal efecto faise preciso levar a cabo a adhesión ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar así como a subscripción do convenio de incorporación de este concello ao Consorcio.

Vista a documentación obrante no expediente, no que consta o informe preceptivo de secretaría, e logo da lectura do texto do Convenio de Incorporación do concello de Aranga ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, propónse ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a integración do Concello de Aranga no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a sinatura do correspondente convenio de integración.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARANGA

Segundo: Aprobar os Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicados no Diario Oficial de Galicia do 7 de xullo de 2006.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bon fin deste acordo e , en particular, para a subscripción dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ao consorcio.

Cuarto: Desinar como representante deste concello nos órganos reitores do Consorcio a Eva María Sánchez Brañas, concelleira delegada de Cultura , Deportes, Servizos Sociais e Igualdade.

Aranga, 16 de maio de 2019. O Alcalde .”

Eva María Sánchez Brañas fai unha exposición clara do tema: a necesidade de subscribir o convenio radica en que é o Consorcio o que ten a competencia para a prestación do servizo. O concello tramita as solicitudes , como órgano mediador, e no caso de cumprirse os requisitos, se admiten polo Consorcio. A empresa encargada da prestación trae semanalmente os menús que son aboados en parte polo Consorcio, en parte polo usuario e en parte polo concello. No caso de que o usuario non dispoña de frigorífico ou microondas o consorcio fai préstamo destes electrodomésticos.

Rubén García Vidal manifesta que, como ocorre coa casa do maior e a casa cuna, se privativa o servizo sen que o concello poida planificar, xerar emprego etc.

O alcalde contestalle que se trata de prestar un servizo a uns usuarios que o necesitan e este é o obxectivo do concello.

Sometida a votación a proposta , queda aprobada por unanimidade dos sete membros presentes na sesión e polo tanto co quorum da maioría absoluta.

## **MOCIÓNS DE URXENCIA**

Terminadoo exame dos asuntos incluídos na Orde do día, o alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno , por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día e que non

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





# CONCELLO DE ARANGA

teña cabida no turno de rogos e preguntas, de conformidade co artigo 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro.

Non se presenta ningunha.

## 10. ROGOS E PREGUNTAS

Iniciado o turno de rogos e preguntas, pide a palabra Carlos Platas Rocha e formula as seguintes cuestións:

1º.- En que situación se atopan a Casa do Maior e a Casa Niño . Pregunta tamén como se tramitan as solicitudes.

Eva María Sánchez Brañas contestalle que agora mesmo , estan pechadas por vacacións. A casa Niño empeza a funcionar en setembro e xa teñen a lo meno tres solicitudes. Respecto da Casa do Maior xa ten usuarios.

Respecto da tramitación das solicitudes, faíno a empresa que as envía á Xunta de Galicia e no caso de cumprir os requisitos, se autoriza. Ao concello se nos informa dos usuarios da Casa do Maior, por canto esta prestación é compatible co servizo de axuda a domicilio de dependentes.

Engade Carlos Plata Rocha que non lle consta a existencia das oportunas licenzas de apertura ao que lle responde o alcalde que dispoñen de todas as licenzas precisas porque , no caso contrario, a Xunta de Galicia non admite a súa apertura.

2º.- As obras que se tiña previsto facer durante o verán no colexio da Castellana, fixéronse?

O alcalde contestalle que as ventás xa están postas , as máis necesarias. Quedan outras pendentes ( aula de profesores, aula de ingles...) que se colocarán proximamente nunha segunda fase. Este é o motivo de que non presenten uniformidade na fachada.

3º.- Pregunta como esta o tema do Polígono de Montsalgueiro.ç



## CONCELLO DE ARANGA

O alcalde dille que actualmente están limpando maleza e árbores, desbrozando e cortando árbores. Teñen luz verde e agora deben presentar o proxecto de urbanización para iniciar as obras.

Pide agora a palabra Rubén García Vidal e pregunta que tipo de criterio se sigue para poner aglomerado nas pistas, porque observa que algunhas o teñen e noutras solo se fan regos.

O alclade contestalle que se ten en conta, ademáis da solicitude dos veciños, criterios técnicos. Existen pistas que non admiten aglomerado porque non o soportan e por eso se ten que facer rego. Dende logo o obxectivo do equipo do goberno e meter o aglomerado en todas as pistas, fundamentalmente porque ademáis de quedar meior se manteñen moito máis tempo sen necesidade de reparacións. Pero as veces non se pode: o por motivos orzamentarios o por non aguantar o firme. Nestos casos e necesario preimero sanear e drenar a pista e unha vez que o firme queda ben feito, meter o aglomerado.

Ás 13:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Aranga, xoves 29 de agosto de 2019

A secretaria, Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga

O alcalde, Alberto Platas Álvarez